

**REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E
MARISQUEO**

Día: 30.05.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 30 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

- 1.1 7416 (10/POC-001288)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre as previsións de operatividade do "Hélimer 401"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 871 (10/PNC-000076)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da exclusión da arte do xeito do plan de recuperación da sardiña, así como do exercicio das competencias en augas interiores desenvolvendo un plan de xestión propio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016
- 2.2 5270 (10/PNC-000503)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas convocatorias de axudas destinadas ás confrarías para o financiamento dos traballos de vixilancia e asistencia técnica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017
- 2.3 6770 (10/PNC-000684)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo do posible impacto económico e sociolaboral para a frota pesqueira galega da obriga de desembarco de todas as capturas, establecida no Regulamento 1380/2013 da Unión Europea
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017
- 2.4 7613 (10/PNC-000791)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda

que debe realizar ao Goberno central para impulsar a adopción pola Unión Europea dos pasos pertinentes no afortalamiento do papel das organizacións rexionais de pesca e na consecución de maiores posibilidades de pesca ao abeiro dos acordos internacionais con terceiros países
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017

- 2.5 8357 (10/PNC-000877)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre a creación dunha comisión parlamentaria de seguridade e sinistralidade marítima co obxecto de estudar a problemática actual e ofrecer solucións e medidas concretas orientadas a unha mellora nas condicións e dos medios da seguridade marítima en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017
- 2.6 8413 (10/PNC-000883)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos períodos de veda e as épocas óptimas de consumo do santiaguíño e do polbo reflectidas na aplicación móbil difundida pola Consellería do Mar sobre as vedas, a época óptima de consumo e a talla mínima de peixes, bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos e gasterópodos
Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017
- 2.7 8822 (10/PNC-000931)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 4 máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego, de acordo coas confrarías da ría de Arousa, dun calendario de actuacións nos Lombos do Ulla para mellorar a produtividade marisqueira da zona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 18.05.2017
- 2.8 8985 (10/PNC-000941)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o acceso das embarcacións ao peirao da Pobra, así como as instalacións deste
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 18.05.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 7416(10/POC-001288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as previsións de operatividade do "Hélimer 401"

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O 2 de xuño de 2016, a Axencia Europea de Seguridade Aérea (EASA) prohibiu a actividade dos helicópteros do modelo *Eurocopter Super Puma H225*, despois do accidente dunha aeronave destas características no Mar do Norte, en Noruega, desde esa data O Helimer 401, quedou paralizado.

Esta suspensión foi levantada o 7 de outubro, para os *Eurocopter Super Puma H225*, para aqueles aparatos que tivesen as engraxes cambiadas e baixo a condición de revisión diaria.

Dende Salvamento Marítimo, en outubro, indicouse que o Helimer 401 estaría en funcionamento a principios de 2017: “O helicóptero recuperará a condición de aeronabilidade a partir do próximo mes”. Non obstante, a día de hoxe, segue paralizado, tras case 10 meses de inactividade.

Hai que ter en consideración que no momento da súa adquisición indicouse, en relación ás súas características técnicas que o Helimer 401, era “unidade de gran porte coas máis modernas prestacións”. Supuxo un investimento de 24 millóns de euros.

A realidade é que a día de hoxe segue sen estar en funcionamento, e non dispoñemos de información ao respecto, por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é a situación actual do Hélimer 401?

2ª) Mantivo o Goberno galego contacto co Ministerio de Fomento para coñecer as previsións da operatividade da nave?

3ª) No caso de que non se poda poñer en funcionamento que outras alternativas hai para modernizar o equipo aéreo de salvamento marítimo?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 10:44
Nº Rexistro: 7416



Data envío: 31/03/2017 10:44:09.143



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 30 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez na data 31/03/2017 10:42:02

Julio Torrado Quintela na data 31/03/2017 10:42:21

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 871(10/PNC-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da exclusión da arte do xeito do plan de recuperación da sardiña, así como do exercicio das competencias en augas interiores desenvolvendo un plan de xestión propio

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 871
Data envío: 07/11/2016 18:33:49.059

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, instando a Xunta de Galiza a reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito do plan de recuperación da sardiña, exercer as competencias en augas interiores desenvolvendo un plan de xestión do xeito propio e adecuado a nosa realidade.

No ano 2015 trasladábase as confrarías o Plan de xestión para o arte do xeito que a Federación de confrarías elaborou onde se realizaba un reparto das 200 ton de sardiña que o Segepesca lle ofrece a nosa flota do xeito en función de meses de actividade.

Neste plan tamén se contemplaba que se lle denegue a solicitude de cambios temporais desta modalidade as embarcacións que soliciten o xeito de forma temporal e que se viña autorizando provisionalmente cada ano como alternativa para poder subsistir. En anos anteriores autorizábase provisionalmente o xeito por que representaba unha pesquería que pasaba desapercibida e supoñía unha alternativa para capear os baixos ingresos.

Tamén é salientable a proposta dunha Comisión de Control para implantar un réxime sancionador para aquelas embarcacións que non transmitan os datos ou non cumpran os topes establecidos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 871
Data envío: 07/11/2016 18:33:49.059



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con estas medidas estíbese a igualar a pesca de subsistencia, artesanal coa pesca industrial e trouxo como consecuencia que os pescadores do xeito que teñan permex e non pesquen quedarán sen o seu dereito de poder pescar para poder sobrevivir. Un auténtico suicidio para unha flota que se compón de máis de 416 embarcacións autorizadas de pequeno tamaño, e de outras moitas que utilizaban provisionalmente este arte cando outros recursos non lles permitía subsistir e que constitúen un modelo de aproveitamento do recurso, de escasos ingresos e menor incidencia sobre o conxunto do recurso pero de vital importancia para a supervivencia de moitas familias que conforman as comunidades costeiras do noso País.

Este ano, dado que as 200 ton era unha cantidade abusiva para as 315 embarcacións que teñen permex para o xeito, rebaixárona a 175 ton e si esta cantidade é totalmente inadmisibile tivemos que aturar o despropósito dunha serie de resolucións como a do 5 de agosto onde se estableceu unha redución da cota diaria de 30 quilos/tripulante. E outra o 5 de setembro onde esta cota diaria, despois de reunida a Comisión de seguimento do xeito, e solicitado o correspondente aumento, tiñan a ben aumentar a cota diaria a 60 quilos/tripulante a bordo.

Estas son as razóns que levan ao G.P. do BNG a formular a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a reclamar do Goberno central a exclusión da arte do xeito do plan de recuperación da sardiña, exercer as competencias en augas interiores desenvolvendo un plan de xestión do xeito propio e adecuado a nosa realidade.”

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2016



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 871

Data envío: 07/11/2016 18:33:49.059

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2016 18:31:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2016 18:31:52

María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2016 18:31:56

Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2016 18:31:58

Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2016 18:32:02

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2016 18:32:05

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 5270(10/PNC-000503)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas convocatorias de axudas destinadas ás confrarías para o financiamento dos traballos de vixilancia e asistencia técnica

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 8.^a**, relativa aos retrasos nos pagos das subvencións ás confrarías para axudar ao financiamento dos traballos de vixilancia e asistencia técnica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os nosos datos, que estamos a confirmar nunha pregunta parlamentaria, son que as axudas ás confrarías para o financiamento dos traballos de vixilancia das zonas marisqueiras e asistencias técnicas convocáronse no ano 2016 o 22 de Agosto.

Este retraso que consideramos inxustificado produce situacións como esta: as mariscadoras de Vilaxoán levan sen cobrar as súas capturas desde o mes de decembro.

Os desaxustes entre a aprobación das subvencións para financiar a vixilancia das zonas de marisqueo e o cobro das mesmas ocasiona problemas moi graves de tesouraría ás confrarías. Estes problemas son especialmente graves nas confrarías máis pequenas que non teñen capacidade financeira propia para adiantar o diñeiro necesario para pagar aos traballadores de vixilancia.

É o caso de Vilaxoán, onde a demora no cobro das axudas autonómicas para o pago da vixilancia e a asistencia técnica deixa ás mariscadoras sen poder cobrar a final de mes o diñeiro que lles corresponde polo seu traballo. Esta situación é especialmente grave no mes de decembro onde se concentra unha parte importante dos ingresos do ano.



O diñeiro que corresponde á confraría polas vendas no seu pósito non chega para facer fronte a todos os pagos que ten que facer a confraría. Desta maneira as que acaban adiantando os fondos son as mariscadoras, á conta das súas propias economías.

A situación é insoportable, xa que ademais dos gastos mensuais habituais como o pago da cota de autónomos que non se perdoa cada fin de mes, únense os gastos extraordinarios que calquera familia ten na época de Nadal.

Os ingresos do mes de xaneiro adoitan ser escasos pola baixada de prezos e polos poucos días que se pode marisquear.

Como consecuencia desta situación, que se repite ano tras ano, algunhas mariscadoras optan por levar o produto do seu traballo a outros pósitos de confrarías máis grandes que dispoñen de máis recursos financeiros para poder pagar aos traballadores de vixilancia entre tanto a Xunta non abona as subvencións. Isto pon en risco a viabilidade das confrarías máis pequenas e supón xestións e gastos extra ás mariscadoras.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para que estas situacións non volvan repetirse en ningunha confraría.

A este fin, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Convocar as axudas ás confrarías para o financiamento dos traballos de vixilancia e asistencia técnica nos primeiros meses do ano.
- 2.- Resolver as citadas convocatorias de axudas durante o primeiro semestre de cada ano.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2017 17:44
Nº Rexistro: 5270
Data envío: 16/02/2017 17:44:16.538



3.- Proceder ao pago das axudas concedidas nun prazo máximo dun mes desde a data de adxudicación.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 16/02/2017 17:37:09

Luis Villares Naveira na data 16/02/2017 17:37:22

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 6770(10/PNC-000684)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo do posible impacto económico e sociolaboral para a frota pesqueira galega da obriga de desembarco de todas as capturas, establecida no Regulamento 1380/2013 da Unión Europea

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 11:21
Nº Rexistro: 6770
Data envío: 17/03/2017 11:21:12.693

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión**.

Exposición de motivos:

Desde Galicia levamos tempo alertando de que certos aspectos da nova Política Pesqueira Común poden supor, de non mediar iniciativas de execución máis flexibles, factores que fagan inviables as actividades pesqueiras da nosa frota. Ante dita situación atopámonos coa necesidade de seguir reiterando á Comisión Europea a necesidade de escoitar e admitir as debilidades que neste senso se recollen no Regulamento 1380/2013.

Falamos da obriga de desembarque de todas as capturas que establece o artigo 15 do Regulamento sinalado, e que leva a que todas as capturas de poboacións suxeitas a límites de capturas efectuadas durante as actividades pesqueiras en augas da Unión, ou por buques da Unión fóra de augas da Unión en augas non suxeitas á soberanía ou xurisdición de terceiros países, deberán almacenarse e manterse a bordo dos buques pesqueiros, así como rexistrarse, desembarcarse e imputarse ás correspondentes cotas cando proceda, de conformidade co calendario establecido.

Desde o Grupo Parlamentario Popular, sempre se defendeu a necesidade de evitar progresivamente os descartes de pesca en base a estudos rigorosos feitos especie por especie, caladoiro a caladoiro, buscando outras alternativas que permitisen acadar este obxectivo sen menoscabar a sostibilidade da actividade. Neste sentido, subscribimos o sinalado neste termo polo Ditame do Consello Galego de Pesca sobre a reforma da Política Común de Pesca.

Existen moitas dúbidas entre os Estados membros sobre como aplicar esta normativa, o que levaría a reabrir o debate sobre un problema que ameaza á frota co seu amarre en canto esta esgote as posibilidades da especie para a que menos cota ten. É dicir, que a normativa europea de obrigación de desembarques resulta de difícil implantación a curto ou medio prazo.

Neste senso, as chamadas “choke species” ou especies de estrangulamento poden supor o verdadeiro punto de forza da negatividade da aplicación desta norma,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2017 11:21
Nº Rexistro: 6770
Data envío: 17/03/2017 11:21:12.693

focalizando nelas o prexuízo dunha dificultade de posta en práctica e derivando das mesmas un dano económico e social que impida a continuidade da actividade da frota.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo no que se analice o impacto económico e sociolaboral que para a frota pode ter o cumprimento da normativa da obriga de desembarco, comezando polo prexuízo derivado das chamadas especies de estrangulamento ou “choke species””.

Santiago de Compostela, 17 de Marzo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/03/2017 11:17:38

Carlos Enrique López Crespo na data 17/03/2017 11:18:09

María Ángeles García Míguez na data 17/03/2017 11:18:58

Teresa Egerique Mosquera na data 17/03/2017 11:19:32

María Soraya Salorio Porral na data 17/03/2017 11:19:53

Alberto Pazos Couñago na data 17/03/2017 11:20:01

Marta Rodríguez Arias na data 17/03/2017 11:20:18

Daniel Vega Pérez na data 17/03/2017 11:20:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 7613(10/PNC-000791)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para impulsar a adopción pola Unión Europea dos pasos pertinentes no afortalamiento do papel das organizacións rexionais de pesca e na consecución de maiores posibilidades de pesca ao abeiro dos acordos internacionais con terceiros países

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 11:32
Nº Rexistro: 7613
Data envío: 05/04/2017 11:32:04.673

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazo Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos:

A flota galega de altura e gran altura está composta por 171 buques pesqueiros que realizan a súa actividade en caladoiros de diversos océanos en campañas que adoitan prolongarse durante varios meses.

É necesario seguir traballando da man do sector para que Europa chegue a acordos con terceiros países, facendo valer os nosos argumentos científicos e prácticos sólidos para conseguir máis e mellores cotas de pesca e, ademais, que o marco regulatorio comunitario teña en conta as nosas particularidades e retos aos que nos enfrontamos, incluso fortalecendo o noso papel dentro das organizacións rexionais do mundo de organización pesqueira (OROPs).

Nesta liña, e como exemplo da importancia destes marcos regulatorios e da súa relación con Galicia, sabemos que recentemente, no mes de marzo, tivo lugar un encontro en Vigo entre axentes de control e vixilancia de cinco organizacións rexionais de ordenación pesqueira competentes sobre a pesca do atún para participar no primeiro obradoiro destinado a fomentar o intercambio de información e coñecementos entre estes membros, de xeito que se poidan establecer sinerxías. Ademais, é unha boa noticia o feito de que esta xuntanza se teña celebrado nunha cidade galega.

Somos conscientes da importancia que a nosa frota de altura debe ter para seguir aprofundando na busca de novas posibilidades de pesca, alén de tentar que a actividade desenvolvida pola nosa frota teña reflexo en termos de igualdade de condicións de respecto ambiental, social e económico para os doutros países que faenan nas mesmas áreas,

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario Popular formula a **Proposición non de Lei en Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse e a seguir traballando xunto ao Goberno do Estado para promover a adopción dos pasos pertinentes por parte da Unión Europea no fortalecemento do papel das Organizacións Rexionais de



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 11:32
Nº Rexistro: 7613
Data envío: 05/04/2017 11:32:04.673

Pesca e na consecución de maiores posibilidades de pesca ao abeiro de acordos internacionais con terceiros países”

Santiago Compostela, 5 de abril de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/04/2017 10:46:11

Carlos Enrique López Crespo na data 05/04/2017 10:46:31

María Ángeles García Míguez na data 05/04/2017 10:46:50

Teresa Egerique Mosquera na data 05/04/2017 10:47:02

María Soraya Salorio Porral na data 05/04/2017 10:47:16

Alberto Pazos Couñago na data 05/04/2017 10:47:28

Marta Rodríguez Arias na data 05/04/2017 10:47:40

Daniel Vega Pérez na data 05/04/2017 10:48:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 8357(10/PNC-000877)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a creación dunha comisión parlamentaria de seguridade e sinistralidade marítima co obxecto de estudar a problemática actual e ofrecer solucións e medidas concretas orientadas a unha mellora nas condicións e dos medios da seguridade marítima en Galicia

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Juan Jose Merlo Lorenzo**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**.

Exposición de motivos:

A pesca constitúe un dos sectores máis importantes para o noso país . No ano 2015, falábamos dunha achega por parte deste sector dun 9,2 % do PIB na Mariña Central, dun 7,2% no Barbanza, un 6,7% na Mariña Occidental, en Muros un 5% e no Morrazo un 4,6. Tamén no ano 2015, a Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos (CIAIM), dependente do Ministerio de Fomento, recollía na súa memoria anual que Galicia, co 19% dos 204 accidentes producidos durante ese ano no Estado, era a segunda comunidade autónoma con máis sinistros marítimos, só por detrás de Andalucía. Dende o ano 2016, esta mesma comisión estatal mantén en curso 44 investigacións por accidentes marítimos, alén das xa concluídas, das que 14 refírense a buques galegos, é dicir, un 32 % das investigacións por accidentes marítimos do Estado correspóndense coa nosa comunidade.



B/P Novo Jundiña	Afundido a 45 millas NW de Cabo Ortegal
B/P Pombo Uno	Accidente operacional a 13 millas das Illas Sisargas, A Coruña.
A/P Látego	Afundido ao sur das Illas Cies
B/P Amable	Afundimento na costa de Corcubión
B/P Nuevo Andrea	Buque perdido na Praia Río Sieira
B/P Balsa	Afundimento en Ribadeo
B/P Ría do Barqueiro	Perdido en Pontedeume
B/P Rebeca	Cangas do Morrazo
B/P Urgebi	Inundación e afundimento a 43 millas de Fisterra
B/P Segundo Durán	Illa de Sálvora
B/Pasaje Barco La Toja	Entrada Porto de O Grove
B/P A Tenencia	Cabo Prior
B/P Himajo Primeiro	Fisterra
B/P Vilar Dous	Illa de Sálvora

No que levamos de 2017, iniciáronse dúas investigacións no mesmo contexto, nesta ocasión, unha delas refírese a un buque galego, o *Monteagudo Primeiro*, afundido e perdido dende o 12 de xaneiro na zona da Estaca de Bares.

Neste sentido, cabe destacar o último informe que vén de publicar Comisións Obreiras (CCOO), o *Informe de Sinistralidade laboral en Galicia en 2016* no que conclúen:



- A pesca é o **sector en que máis soben os accidentes**: 69 máis con baixa en xornada laboral. Soben en ambos os sexos (46 máis en homes e 23 máis en mulleres) pero, en proporción, a suba é máis acusada nas mulleres (+24,47%) ca nos homes (+5,12 %).
- A pesca é o **sector que rexistra o incremento máis acusado tanto de accidentes leves coma graves**. Os leves subiron un 4,75% (frente a un descenso do 1,08% de media no conxunto de todos os sectores económicos) e os graves, un 61,11% (de media, subiron un 24,94 %).
- No 2016, coma no 2015, **a pesca volve presentar o índice de incidencia máis elevado tanto nos accidentes graves coma nos mortais**.

Hoxe , vimos de coñecer o accidente que se levou a vida de dous mariñeiros na ría de Pontevedra despois de que seu barco colisionase cunha batea. Este último suceso non fai máis que reforzar a idea que, xunto cos datos anteriores, pon de manifesto a clara necesidade de atender de maneira persistente á seguridade nas nosas costas.

Esta situación repítese de forma alarmante dende a chegada do Goberno Feijoo a Xunta de Galicia, sen que se estean a realizar as políticas oportunas que permitan reducir o elevado número de sinistros marítimos nas nosas costas, é tanto así, que o propio Parlamento aprobou no 2016 unha resolución na que se instaba a posta en marcha dun programa para o desenvolvemento de melloras a bordo dos buques, con especial fincapé nos avances na seguridade e habitabilidade a bordo, tales como a instalación de mecanismos antiafundimento. Hoxe nada coñecemos sobre as actuacións do goberno nese senso, pero si de numerosas actuacións que supoñen un retroceso en materia de seguridade mariña.



Podemos enumerar a eliminación das pólizas colectivas de seguros ou o seguro de mal tempo, o decreto estatal de redución de tripulacións mínimas necesarias, ata o decreto que abre as portas o cobro de taxas por servizos de rescate, todo isto sumado as condicións de precariedade económica nas que ten que faenar a nosa flota , inflúe de forma decisiva na toma de decisión en termos de seguridade e nas condicións nas que se efectúan os traballos a bordo.

Non é posible entender estas cifras, que se incrementan ou manteñen no tempo en termos absolutos, cando Galicia ten sufrido polas políticas de Feijoo e Rosa Quintana a redución de mais de 5.000 traballadores no réxime especial do mar.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión .

O Parlamento galego acorda a creación dunha comisión de “Seguridade e Sinistralidade Marítima”, no seo da Cámara galega, co obxecto de estudar a problemática actual e ofrecer solucións e medidas concretas orientadas a unha mellora nas condicións e medios da seguridade marítima en Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Juan José Merlo Lorenzo

Voceiro do G.P. de En Marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/04/2017 09:30
Nº Registro: 8357
Data envío: 26/04/2017 19:00:56.195



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 26/04/2017 18:58:22

Carmen Santos Queiruga na data 26/04/2017 18:58:29

Juan José Merlo Lorenzo na data 26/04/2017 18:58:37

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 8413(10/PNC-000883)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos períodos de veda e as épocas óptimas de consumo do santiaguiño e do polbo reflectidas na aplicación móbil difundida pola Consellería do Mar sobre as vedas, a época óptima de consumo e a talla mínima de peixes, bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos e gasterópodos

Publicación do acordo, 112, 10.05.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A Consellería do Mar difundiu unha aplicación móbil na que se pode consultar datos sobre as vedas, a época óptima de consumo e a talla mínima de peixes bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos, gasterópodos e peixes.

En concreto para o *santiaguíño* (*Scyllarus arctus*) a época óptima de consumo é o mes de xullo. Non obstante, de acordo co Plan xeral de explotación marisqueira, para este crustáceo o período autorizado para o ano 2017, comprende do 1 ao 5 de xaneiro, e do 1 de outubro ao 30 de decembro. Polo que se pode concluír que o *santiaguíño* se atoparía en veda, na época óptima para o seu consumo.

Cuestión similar ocorre co polbo, que normalmente ten un mes de veda, entre maio e xuño, pero a aplicación recomenda o seu consumo durante todo o ano.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a adecuar os períodos de recomendación de consumo de peixes bivalvos, cefalópodos, crustáceos, equinodermos, gasterópodos e peixes, aos períodos nos que o seu consumo estea autorizado, e non en período de veda.

Pazo do Parlamento, 19 de abril de 2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 11:40
Nº Rexistro: 8413
Data envío: 28/04/2017 11:40:02.682



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 28/04/2017 11:36:38

Julio Torrado Quintela na data 28/04/2017 11:36:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2017 11:37:05

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.7 8822(10/PNC-000931)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego, de acordo coas confrarías da ría de Arousa, dun calendario de actuacións nos Lombos do Ulla para mellorar a produtividade marisqueira da zona

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A ría de Arousa resulta de importancia capital para o sector marisqueiro de Galicia, pola súa alta produtividade e, por tanto, a repercusión que a actividade do sector ten para esa comarca e para o resto de Galicia de maneira indirecta.

Dentro da ría, a zona dos Lombos do Ulla supón un espazo determinante para desenvolvemento de toda a actividade extractiva. Coa chegada das épocas de libre marisqueo, este espazo dos lombos vese ateigado de embarcacións que traballan á procura de produto. Non entanto, o mantemento da zona a través de tarefas de rexeneración, e a planificación sobre os tempos do libre marisqueo, supoñen unha das demandas máis importantes de traballadores/as e confrarías.

A meirande parte dos patróns maiores da ría veñen demandando nos últimos tempos algunhas medidas que contribúan a mellorar a produtividade da zona. De xeito específico, existe a proposta de recuperar os antigos canais que existían nos Lombos do Ulla, para así poder navegar baixamares, retirando area que existe en grandes cantidades agora mesmo e impide o paso das embarcacións.

Tanto a falta de planificación sobre os tempos do libre marisqueo como o retraso nas tarefas de rexeneración e retirada de area impiden un traballo efectivo e produtivo nos lombos, o que provoca tanto unha moi baixa ou nula produtividade para os/as mariscadores/as, como a tendencia de moitas



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

das embarcacións a desprazarse ás zonas de Bohido e Cabío, provocando tamén saturacións nestes lugares.

Os orzamentos de 2017 non avanzaron ningunha partida específica para unha intervención que os patróns maiores, en nome do sector, demandan insistentemente. O Grupo Parlamentario Socialista presentou emenda específica aos orzamentos da Consellería de Mar para solicitar a rexeneración deste lugar, pero foi rexeitada polo Partido Popular. De maneira continuada os patróns maiores da ría veñen solicitando xuntanzas con representantes da Consellería do Mar, sendo estas demoradas ou non respondidas, o que produce inxenuidade e malestar no sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que estableza, en acordo coas confrarías da ría de Arousa, un calendario de actuacións nos Lombos do Ulla, que comece pola retirada á maior brevidade de area nas zonas que dificultan a navegación, destinadas a mellorar a produtividade na zona.

Pazo do Parlamento, 9 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/05/2017 14:04:23

María Dolores Toja Suárez na data 09/05/2017 14:04:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2017 16:30
Nº Rexistro: 8822
Data envío: 09/05/2017 14:13:01.621



 **Grupo Parlamentario**

Patricia Vilán Lorenzo na data 09/05/2017 14:04:37

Raúl Fernández Fernández na data 09/05/2017 14:04:42

María Luisa Pierres López na data 09/05/2017 14:04:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/05/2017 14:04:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 30.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.8 8985(10/PNC-000941)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar o acceso das embarcacións ao peirao da Pobra, así como as instalacións deste

Publicación da iniciativa, 115, 18.05.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 8985
Data envío: 11/05/2017 18:09:22.387

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa ás actuacións que son precisas acometer para mellorar tanto o acceso como as instalacións do porto da Pobra.

A pesca é un sector estratéxico en Galiza, e como tal as súas necesidades deben ser obxecto de atención prioritaria por parte do Goberno galego. Dentro destas necesidades están as infraestruturas portuarias e o acceso aos peiraos; mais a realidade de moitos dos peiraos presentan tanto problemas de acceso por mor de falta de calado como de instalacións deficitarias ou con deficiencias.

Un deses peiraos é o da Pobra, polo que tanto a confraría como as asociacións de mexiloeiros están demandando solucións. Estes colectivos teñen denunciado que o peirao presenta problemas de calado, que ocasiona dificultades para acceder ao peirao de moitas embarcacións, denuncian que en mareas vivas, incluso embarcacións descargadas non poden entrar no peirao. Demandan solucións antes de que o problema se faga maior.

Ao problema de calado, tanto confraría como asociacións de mexiloeiros, suman a mala situación das instalacións portuarias. Problemas co subministro de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 8985
Data envío: 11/05/2017 18:09:22.387

auga doce e deficiencias no alumeadado, falta de mantemento deste, tardanza en repoñer luminarias estragadas, chegando a estar durante meses de inverno só alumeadado o peirao por un luminoso comercial, polo que reclaman celeridade nas reparación e a instalación de dous ou tres monolitos nas zonas de amarre, con conexión de auga doce e luz, para facilitar a realización de actuacións de mantemento das embarcacións.

Outra das demandas é a instalacións de “fingers” en número suficiente para a totalidade das embarcacións. Estas ramificacións dos pantaláns que serven para delimitar o espazo entre as embarcacións atracadas e protixelas, facilitar as manobras de amarre e ao tempo permite embarcar pola borda e non só pola popa ou proa, aportan seguridade e facilitan o acceso.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Realizar as actuacións de dragaxe precisas para mellorar o acceso das embarcacións ao o peirao da Pobra.

-Realizar as labores de mantemento do peirao con celeridade.

-Instalación de dous ou tres monolitos nas zonas de amarre, con conexión de auga doce e luz, para facilitar a realización de actuacións de mantemento das embarcacións.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 8985
Data envío: 11/05/2017 18:09:22.387

-Proceder á instalacións de *fingers* en número suficiente para a totalidade das embarcacións que teñen amarre no peirao.”

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2017 18:07:49

Noa Presas Bergantiños na data 11/05/2017 18:07:54

Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2017 18:07:57



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 8985

Data envío: 11/05/2017 18:09:22.387

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/05/2017 18:08:00

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2017 18:08:04

Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2017 18:08:07